

Prólogo

*“Cando a mestra me preguntou
que quería ser de maior, contesteille: 'feliz'.*

Díxome que non entendera a pregunta.

Respondinlle que non entendera ela a resposta?.

John Lennon

Educación,

para que?

Para ser "libres e responsables", como establece maxistralmente o artigo primeiro da Constitución da UNESCO. Para actuar en virtude das propias reflexións. Para non ter lastres e adherencias nas ás do pensamento que nos permiten voar alto no espazo infinito do espírito.

Educación para expresarnos correctamente. Para exercer plenamente as facultades distintivas da especie humana. Ser capaces de crear, a esperanza da humanidade. Recoñecer a igual dignidade de todos os seres humanos. Ser conscientes dos nosos dereitos e deber.

Que?

Filosofía, valores éticos, habilidades artísticas, aprender a ser guiados, por "principios democráticos", como establece, así mesmo, a Constitución da UNESCO.

Desenvolver a capacidade crítica. escoitar. aprender a coñecer, a facer, a vivir xuntos, a emprender.

Ser conscientes do dereito ao dereito e á xustiza, pedras angulares dunha vida digna.

Ter moi en conta o ?Plan Mundial de Acción para a Educación en Dereitos Humanos e Democracia? (Montreal, 1993) e a ?Carta da Terra? (Amsterdam, 2000).

¿Quién? Os proxenitores e o contexto familiar, profesores, sociedade, medios de comunicación...

¿A quen? *A todas e todos*

¿Cándo? Durante toda a vida.

A educación constitúe, xunto á alimentación, a dispoñibilidade de auga potable, os servizos de saúde, o coidado do medio ambiente e a paz, unha das prioridades, e xa que logo un dos compromisos supremos, a escala persoal, local e mundial.

Outros referentes, ademais dos indicados, especialmente relevantes son a Carta das Nacións Unidas (1945), a Constitución da UNESCO (1945), a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), a Declaración da Conferencia Mundial sobre Educación para todos (Jomtien, 1990), a Declaración da Conferencia Mundial de Dereitos Humanos (Viena, 1993), a Resolución das Nacións Unidas sobre a Educación para unha Cultura de Paz e non Violencia aos Nenos e nenas do Mundo (1998) e a Declaración e Plan de Acción sobre unha Cultura de Paz (1999).

É imprescindible, especialmente para aprender a ser, o que se mostren casos prácticos de persoas que encarnaron os valores que agora se "cultivan" para forxar actitudes realmente "humanas".

Educación é liberarse, é crear, é re-crear, é abrazar a palabra e refugar a forza.

Educación é, tamén, como escribiu Angel Gabilondo, "deixar un legado de decoro". É ter en conta a quen están, a quen xa non están, a quen non están aínda.

Educación en valores para a transición dunha cultura de imposición, dominio e violencia a unha cultura de encontro, de conversación, conciliación, alianza e paz. Fronte ao fanatismo, a obcecación, o dogmatismo, o extremismo.... educación. A educación é a mellor "arma de construción masiva". A educación para espertar o fantástico potencial creador exclusivo da especie humana.

Educación para vivir intensamente cada instante do misterio, quizais, do milagre da existencia humana, feito inverosímil, desmesurado.

Educación para saber que non existen imposibles. Que o por-vir está por-facer. É fundamental, para achegarnos á felicidade, loitar denodadamente en favor dun destino común á altura da dignidade humana.

En 2005 escribín: "... é tempo de non cesar, / de amar / cada instante / da vida.... / Debemos / arduamente / procurar / luz / para as senllas / do

futuro". E uns anos antes tamén: "Cando a noite / se desfaga en luz / ao clarear o día / a palabra / ao fin / sobre a Terra. / A palabra, / as ás secas / alzando o voo".

Estes e non outros son os obxectivos da educación. Outra cousa é a capacitación. Outra a información... Nos anos 80, os neoliberais substituíron os grandes principios democráticos polas leis do mercado e as Nacións Unidas por grupos plutocráticos integrados por 6, 7, 8... 20 países. Como puido pretendese que uns cantos países gobernasen a 193? Como pode fomentarse unha "globalización" que inclúe tan só, no barrio próspero, ao 20% da humanidade? Educación é aprender a ser, non a ter. Educación é orientar no comportamento cotián, a solidariedade "intelectual e moral" co próximo, próximo ou distante.

Formar en valores, indispensables asideiros éticos, pautas de conduta. E ter sempre presente que "máis vale un exemplo que cen sermóns".

Na Convención sobre os Dereitos do Neno e a Nena, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, indícase: "O neno e a nena deben estar plenamente preparados para unha vida independente en sociedade e ser educados no espírito dos ideais proclamados na Carta das Nacións Unidas e, en particular, nun espírito de paz, tolerancia, liberdade, igualdade e solidariedade".

Educación para a participación, para consolidar un sistema democrático baseado no encontro, no diálogo, no acordo. Menos información, máis formación. Menos memoria, máis comprensión das cuestións

fundamentais, maior incorporación de coñecementos, mellor exercicio da reflexión, mellor expresión de pensamentos e emocións. E destrezas, coa teoría imprescindible para que todos saiban buscar e inventar á vez. O mellor xeito de loitar eficazmente contra algo claramente negativo e prexudicial é educar a favor dos conceptos positivos, que imprimen temperamento e temperanza. Saber para prever, prever para previr. Entre as medidas para procurar unha cultura de paz e non violencia por medio da educación, figuran: ... "velar para que os nenos e as nenas, desde a primeira infancia, reciban instrución sobre valores, actitudes, comportamentos e estilos de vida que lles permitan resolver conflitos por medios pacíficos e nun espírito de respecto á dignidade humana, de tolerancia e non discriminación".

Educación para sementar cada día sementes de amizade, de perseveranza, recibindo -como tan fermosamente expresou Rigoberta Menchú- "cada amencer como se merece".

Educación para que se saiba sempre discernir entre o medio e o fin, entre a ferramenta e os grandes obxectivos éticos. Na eira dixital, na que xa son posibles a conciencia global, a libre expresión e a progresiva participación da muller ata alcanzar a igualdade, é máis importante que nunca no pasado -baseado no poder absoluto masculino, de silencio, anonimato, de confinamento territorial e intelectual- contribuír ao "novo comezo" que nos reclama a Carta da Terra. "Todo está por facer e todo é posible" pero, "quen se non todos e todas", escribiu Miquel Martí i Pol nuns versos que non me canso de repetir. Agora xa, en moi poucos anos, podemos pasar duns cantos á inmensa maioría de cidadáns do mundo de modo que,

baseados nuns principios éticos universais, nun contexto de democracia xenuína, logren situar a cada ser humano único e capaz de crear á altura que lle corresponde.

Por canto antecede, quero expresar o recoñecemento máis sincero e a miña noraboa ao Seminario Galego de Educación para a Paz e aos profesores Manuel Dios e Moisés Lozano por esta achega tan esencial como oportuna para contribuír á educación crave do futuro: aprender a ser.

Federico Mayor Zaragoza

16 de marzo de 2015.